

Pasado, tradición e música uníronse en 1999 para dar forma a Maquía Gaiteiros, unha agrupación nacida na pequena parroquia caldense de Santa María de Godos co firme propósito de impedir que os sons de sempre se apagasen co devir dos novos tempos. Tomando como referencia a ilustres grupos da comarca, seis músicos que creceron entre gaitas e tamborís asumiron ese reto. Doce anos despois, as notas de Maquía soan con tanta forza que mesmo atravesan fronteiras.



Os seis integrantes de Maquía Gaiteiros, unha formación nacida na parroquia de Santa María de Godos.

Maquía: música con acento

Foi en Santa María de Godos, unha pequena parroquia de Caldas de Reis de apenas 800 habitantes que agocha nas súas pedras unha historia moi remota, onde naceu, alá polo ano 1999, o grupo Maquía Gaiteiros.

Do mesmo xeito que o seu nome, unha unidade de medida de grans cuxo valor varía segundo os lugares, fai voar a imaxinación ós tempos nos que os muíños que adornan a paisaxe galega funcionaban a pleno rendemento, tamén o pasado, neste caso sonoro, é a base sobre a que se sostén o grupo de Caldas.

Así, Maquía Gaiteiros comezou a súa andaina coa inquedanza de seguir a tradición cultural e popular desenvolvida tempo atrás por grupos que fixeron historia no folclore galego e marcaron o camiño a seguir para moitas das

[repOrtaxe] A agrupación Maquía Gaiteiros naceu no ano 1999 na parroquia caldense de Santa María de Godos e está formada por seis músicos

[escribe **Marta Baló** | fotografía **DP**]

formacións actuais.

Os Campaneiros, cuxa orixe se remonta ó ano 1926, cando os irmáns José y Ramón Valiñas Oubiña, naturais del Sixto (Vilagarcía), comezaron a actuar en festas da zona; Os Encantiños do Umia, un veterano grupo de gaiteiros de Godos cun fecundo repertorio; Os Garceiras, tamén ilustres, ou Os Areeiras, formado

nos anos 40 en Catoira, foron e seguen a ser o espello onde se miran os seis compoñentes de Maquía Gaiteiros, o exemplo que pretenden seguir, adaptando a súa música ó estilo da formación (gaitas e percusión tradicional).

Compoñentes | A pesar da súa xuventude, este grupo ten unha longa experiencia neste tipo de

música, posto que todos os seus compoñentes levan anos tocando en diversos grupos da zona, así como ensinando a outros mozos da comarca a nobre arte de tocar a gaita.

É o caso de José Manuel Acha, quen aprendeu a tocar este instrumento con tan só 12 anos na Banda de Gaitas do Centro Cultural O Sixto, da man de Secundino Abal (Os Carballeiras) e baixo a atenta mirada do Señor Ramón (Os Campaneiros). En 1983 empezou a ensinar a tocar ós seus amigos de Godos e decidiu formar xunto a eles a Agrupación de Música e Baile Tradicional Santa María de Godos, que durou ata o ano 1997. Na actualidade dirixe os grupos de gaitas Santa Plácida de Rubiáns e Bamio, imparte clases de introdución á música tradicional a nenos de Primaria e tamén dirixe

a escola de gaitas da Asociación Deportivo Cultural Santa María de Godos.

Pola súa banda, Luis Betanzos, seguindo a tradición familiar -o seu pai foi tamborileiro no grupo Os Encantiños do Umia- entrou a formar parte da Agrupación de Música e Danza Tradicional de Santa María de Godos en 1984.

A mesma agrupación marcou os inicios de Ramiro Loureiro, alá polo ano 1985, e Javier Loureiro, que comezou tocando o bombo nos últimos anos de vida desta formación ó mesmo tempo que aprendía a tocar a gaita, instrumento que o acompaña en Maquía.

A afección polos sons de sempre tamén lle vén a Adolfo Santaya por tradición familiar, pois é sobriño de Francisco Santaya, cofundador dos Encantiños do Umia. Adolfo aprendeu a tocar a gaita na Agru-